

Historia da Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo

Nacemento do proxecto

A Escola Municipal de Música de Ribadeo comezou a fraguarse en **outubro de 1989**. Co impulso de Hernán Naval e da asociación «Amadores da Música», iniciáronse unhas clases masivas de solfeo para nenos, mozos e adultos na **Casa do Mar**. Ó principio case ningún dos alumnos sabía ler música nin coñecían os rudimentos dos instrumentos de vento.

O traballo na Casa do Mar foi moi intenso tanto para o alumnado coma para os profesores. O método de Hernán Naval baseábase no “traballo, traballo e máis traballo”.

Os primeiros grupos de nenos entraban xusto ao saír dos colexios e algunhas clases prolongábanse ata despois das dez da noite. Os alumnos máis avantaxados comezaron axiña a practicar escalas, arpexios e pequenas pezas como marchas procesionais ou pasodobres.

A metodoloxía e o carácter de Hernán na escola

A escola era un centro de ensino, pero o maiores foi o motor que fixo posible poñer a Banda de Música na rúa case un ano antes do previsto, pois presentouse ó público o 25 de xaneiro de 1992.


Hernán Naval sempre destacou pola súa **dobre faceta pedagóxica**:

► **Esixencia e disciplina:** Os alumnos lembran o respecto que se lle tiña nas aulas. Era capaz de botar man da ironía ou de xestos rechamantes coa batuta cando un compás non saía despois de repetilo varias veces. Unha anécdota famosa da época escolar conta como Hernán chegaba a pasar a batuta tan cerca dos músicos que “só lle faltaban ás”.

► **Cercanía:** Fóra das clases formais, Hernán era unha persoa moi próxima e querida polos estudantes, o que xeraba un gran ambiente de colaboración. Incluso ía buscar ós músicos ós locais de ocio, como o “Mádison”, para que non faltaran ós seus compromisos.

Recompilación de fotos e vídeos de Hernán na Escola de Música.

PROGRAMA DE PRESENTACIÓN DA BANDA (25 DE XANEIRO DE 1992)



Este documento móstranos o éxito da escola, pois nel explícase como as clases masivas de solfexo de 1989 deron os seus froitos en só dous anos e medio, logrando o concerto de presentación na Igrexa Parroquial de Ribadeo.



Sede Histórica: A Casa do Mar foi o primeiro local oficial de ensaio e aprendizaxe colectiva da Escola.



Hernán Naval: paixón, disciplina e cercanía guiadas pola súa batuta



PRIMEIRO CONCERTO DE ANO NOVO "AQUÍ COMO EN VIENA"

O Concerto de Ano Novo da Banda de Música de Ribadeo chámase "Aquí como en Viena". Nese concerto interpretábase un repertorio inspirando no Concerto de Ano Novo da Orquestra Filarmónica de Viena.

